

Instrucións do 14 de decembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade relativas ao uso dos servizos educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19

A crise sanitaria derivada da pandemia ocasionada pola COVID-19 tivo importantes efectos no ámbito educativo que fan necesario buscar solucións a fin de garantir a continuidade da actividade educativa. Así, a suspensión da docencia presencial fai necesario trasladar esta a unha contorna en liña, aplicando, en todo caso, cantas medidas e garantías resulten necesarias.

Con todo, o paso dun sistema ao outro, non supón modificación relevante nos deberes e obrigacións do profesorado ou do alumnado. Desta forma, o profesorado para o exercicio en liña da súa función educativa deberá utilizar as ferramentas postas á súa disposición pola administración educativa, do mesmo xeito que, o alumnado manterá a obrigación de asistir ás clases neste novo formato mentres sexa necesario, de acordo coa normativa correspondente, en especial o *Protocolo de adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021*, a *Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021* e a *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19*.

De cara a asegurar o máximo respecto á protección da intimidade e da propia imaxe é necesario establecer as condicións de uso das ferramentas de docencia virtual, especialmente aquelas que posibiliten a retransmisión das clases a través de Internet nos centros educativos coa finalidade de garantir a continuidade da actividade lectiva no contexto da actual crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Do mesmo xeito é preciso fixar as condicións do tratamento dos datos persoais que do uso das devanditas ferramentas poidan derivarse, dando así cumprimento ao principio de transparencia e ao deber de información, así como dos restantes principios e deberes previstos na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, en especial no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas*



físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante RXPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Para iso, todos os tratamentos e usos dos datos persoais realizaranse baixo os principios de confidencialidade, menor uso posible dos datos persoais (minimización) e uso exclusivo dos mesmos para a finalidade para a que son recollidos, que non é outra que a de posibilitar a referida actividade educativa, sen que poidan ser empregados para finalidades distintas posteriormente.

En consecuencia con todo o anterior, dítanse as seguintes instrucións:

Primeira. Obxecto

Estas instrucións teñen por obxecto establecer as condicións de uso das ferramentas de docencia virtual, especialmente aquelas que posibiliten a retransmisión das clases a través de Internet nos centros educativos coa finalidade de garantir a continuidade da actividade lectiva no contexto da actual crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Segunda. Ámbito de aplicación

Estas directrices serán de aplicación nos centros educativos públicos de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira. Principios básicos

Os principios básicos que rexen as presentes instrucións son os que recolle a normativa vixente en materia de protección de datos, concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante RXPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, de acordo co recollido no Anexo I.

Cuarta. Servizos Dixitais Educativos

As ferramentas de docencia virtual previstas pola administración educativa autonómica para pasar dun entorno presencial a un modelo de docencia en remoto ou en liña, así como as que apoian o proceso ordinario de educación cando se requira o uso de servizos dixitais, son aquelas determinadas polo responsable de tratamento de datos da Consellería de Cultura,



Educación e Universidade, dispoñibles en “Servizos Dixitais Educativos” (<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>) xunto cos procesos de solicitude (de ser necesario), os manuais de usuario e as canles de consultas, comentarios, etc.

Todas estas ferramentas cumpren con requisitos establecidos no RXPD e no Esquema Nacional de Seguridade, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos dereitos dixitais.

No que se refire ao establecemento de videoconferencias as ferramentas son “EDUXUNTA WEBEX”, “FALEMOS EDU” e “CAMEDU”, con independencia das que se vaian engadindo posteriormente. Así mesmo, as aulas virtuais contarán coa funcionalidade “BigBlueButton” coa mesma finalidade.

Quinta. Condicións do tratamento con motivo da retransmisión das clases a través de Internet.

A retransmisión das clases a través de Internet nos centros educativos de titularidade pública coa finalidade de garantir a continuidade da actividade lectiva no contexto da actual crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, implica a necesidade de levar a cabo, por parte da administración educativa autonómica, un tratamento de datos persoais tanto do profesorado como do alumnado e familias. Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia terá a consideración a estes efectos de responsable do tratamento, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), de encargado de tratamento.

Os datos persoais obxecto de tratamento serán, ademais dos datos identificativos (usuario e contrasinal nos servizos, nome, apelidos) e de contacto (como por exemplo o correo electrónico corporativo) das persoas afectadas, así como os relativos á súa imaxe/voz, aqueles datos que resulten tecnicamente imprescindibles para a conexión ao sistema (enderezos IP...).

Conforme ao disposto na normativa vixente, existe lexitimación para o tratamento dos datos tanto do alumnado como do profesorado polo que non será necesario recoller o consentimento inequívoco das persoas afectadas (alumnado e profesorado) para o tratamento dos seus datos persoais coas referidas finalidades.

Os datos persoais e en especial, as imaxes, serán tratadas en todo caso con respecto á *Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe*, e o seu uso por parte da administración educativa autonómica para os fins expresados non xerará dereitos de imaxe con beneficio ou contraprestación económica.



Sexta. Condicións de uso das ferramentas de docencia virtual por parte do alumnado e do profesorado.

Para o normal desenvolvemento da actividade educativa nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade empregaranse unicamente as ferramentas e aplicacións aportadas pola consellería de Cultura, Educación e Universidade e que contan con todas as garantías previstas na normativa vixente a través da AMTEGA como encargada de tratamento.

Non obstante, para aquelas actividades educativas complementarias tales coma a realización de proxectos de innovación ou proxectos europeos, os centros poderán utilizar as plataformas previstas aos efectos sempre que se atopen baixo a responsabilidade expresa dun organismo público no espazo económico europeo e que cumpran cos requisitos descritos no RGPD e no Esquema Nacional de Seguridade e o centro conte coa autorización expresa e inequívoca (por escrito) dos pais ou titores legais ou do/da menor cando teña máis de 14 anos. Neste caso recoméndase a xeración de contas con alias, é dicir cos datos persoais “pseudonimizados” pero mantendo as obrigas e medidas contempladas na normativa de protección de datos.

En ningún caso poderán os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinar contratos de encargado de tratamento con terceiros, por corresponder a habilitación legal unicamente á Secretaría Xeral Técnica da consellería.

Sétima. Obrigas de utilización

A normativa actualmente vixente na Comunidade Autónoma de Galicia e motivada pola situación excepcional de pandemia, impón a obriga ao docente de conectar co seu alumnado utilizando os servizos dixitais educativos corporativos. Isto incluírá a obriga de acender a súa cámara a fin de atender o dereito á educación, sempre que sexa necesario para facilitar a comunicación e comprensión do material educativo e mesmo cando se atope en situación de corentena ou confinamento total ou parcial salvo baixa médica ou impedimento xustificado sempre que dispoña dos medios técnicos e organizativos necesarios.

Do mesmo xeito o/a docente terá a obriga de utilizar as ferramentas de teleformación que determine o titular do centro educativo co seu alumnado en situación de corentena domiciliaria cando o resto da clase asista de xeito presencial, salvo baixa médica ou calquera outra circunstancia debidamente xustificada.



Oitava. Especialidades dos Servizos de videoconferencia e retransmisión

A retransmisión das clases en liña, poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado á que van dirixidas (en diante, os participantes) polo que nas ferramentas de docencia virtual as persoas usuarias non deberán compartir con terceiros as ligazóns, os contrasinais ou credenciais que permitan o acceso a estes sistemas. O seu uso deberá restrinxirse ademais, exclusivamente, ao ámbito docente.

Con todo, convén que os participantes preparen previamente ao inicio de cada sesión o seu espazo de traballo, de forma que lles permita interactuar protexendo a súa intimidade e a de terceiros. Así, por exemplo, evitarase que durante as clases se poidan captar imaxes de terceiros non participantes ou espazos do seu fogar máis íntimos.

Prohíbese expresamente a gravación das clases por parte dos participantes, tanto polo alumnado como polo profesorado polos seus propios medios, e particularmente a súa difusión en redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea ou a través de calquera canle telemática, xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade administrativa ou civil para a persoa infractora.

Con todo as clases poderán gravarse no marco dos propios servizos dixitais educativos, é dicir, cos recursos internos das propias plataformas e cando sexa realizada polo propio docente ou co seu consentimento, sempre que se cumpran os requisitos de información e salvagarda de dereitos legalmente previstos, en especial a non captación do alumnado.

Así mesmo, poderase proceder á gravación de exames orais (ou situacións análogas tales como concertos) nos que non queda traza documental aos simples efectos de proba, cando así estivera previsto antes da situación de emerxencia sanitaria. Esta gravación será conservada durante un tempo limitado ao imprescindible para o cumprimento dos prazos de cualificación e revisión, sempre que a dita gravación só sexa accedida polo persoal docente e pola persoa interesada, titores ou representantes legais no seu caso. En calquera caso deberá advertirse previamente ao/á alumno/a da gravación e facilitar a información completa do tratamento en cumprimento do artigo 13 do RGPD de acordo coas cláusulas tipo que aporte a Consellería, e recadar o seu consentimento expreso e inequívoco.

Novena. Reunións de coordinación e seguimento

As persoas docentes están obrigadas a participar nas reunións telemáticas de acordo coa normativa vixente podendo utilizar a videoconferencia, a audioconferencia ou o correo electrónico



(para eventuais procesos de votación) sempre que se asegure:

- A identidade das persoas membros ou suplentes.
- O contido das súas manifestacións.
- O momento no que estas se producen.
- A interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e
- A dispoñibilidade de medios durante a sesión.

Décima. Primeira capa de información para o profesorado, alumnado e familias.

Como primeira capa de información en materia de protección de datos utilizarase a cláusula informativa que figura no Anexo II.

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López



Anexo I . Cumprimento do principio de transparencia, finalidade doutros principios recollidos no RXP

Os principios xerais da protección de datos, recollidos no RXP, son un conxunto de regras que determinan como se debe levar a cabo o tratamento de datos persoais. Estes principios son, en definitiva, os deberes e obrigas aos que están suxeitos os tratamentos de datos, e para o caso que nos ocupa, destacaremos os seguintes:

- Principio de transparencia, esixe que toda información e comunicación relativa ao tratamento dos datos persoais sexa facilmente accesible e fácil de entender, e que se utilice unha linguaxe sinxela e clara. Para iso, a información relativa ao tratamento dos datos persoais das persoas afectadas incluírase non soamente no presente protocolo (Anexo I), senón que se transmitirá a todos os usuarios (profesorado, alumnado e familias) a través de distintas canles (circulares e comunicacións a alumnado e familias; políticas de privacidade; sistemas de notificación da propias ferramentas utilizadas para a retransmisión das clases, etc.)
- Principio de licitude ou lexitimación do tratamento. Para que o tratamento sexa lícito, os datos persoais deben ser tratados sobre algunha base ou fundamento xurídico dos previstos no artigo 6 do RXP, tal e como se recolle no apartado primeiro deste protocolo.
- Principio de limitación da finalidade, supón que os datos persoais deben ser recollidos con fins determinados, explícitos e lexítimos, e non serán tratados, posteriormente, de maneira incompatible ou distinta cos devanditos fins. Este principio de finalidade implica que os datos que se recollan para posibilitar o uso das ferramentas de docencia virtual unicamente serán tratados coa devandita finalidade, ao igual que a retransmisión das clases unicamente poderá ser accesible ao profesorado e alumnado ao que vai dirixida.
- O principio de minimización establece que os datos que se recollan para o seu tratamento deben ser adecuados, pertinentes e limitados ou non excesivos, en relación cos fins que lexitiman o tratamento. Por iso, para a retransmisión das clases a través de Internet non se recollerán máis datos dos estritamente necesarios para garantir a identificación dos participantes, así como a seguridade e a confidencialidade da información, ademais da captación da imaxe/voz indispensables para o funcionamento do sistema.
- O principio de integridade e confidencialidade impón a obriga de garantir unha seguridade adecuada para preservar a integridade dos datos e impedir o acceso ou uso non autorizado. Para isto, o responsable do tratamento implementará nas referidas



ferramentas as medidas de seguridade necesarias (acceso mediante usuario e contrasinal, contrasinal para o acceso á sala, ...).

- Así mesmo, todas as persoas que interveñan en calquera fase do tratamento dos datos están suxeitas a gardar segredo ou confidencialidade con carácter indefinido. A este respecto, o paso a un sistema de docencia en liña non deberá supoñer ningunha diminución nas obrigacións de confidencialidade e segredo que incumben tanto á propia administración educativa como ao seu persoal cando acceda a datos persoais.



Anexo II - Cláusula informativa básica ou de primeira capa para o profesorado, alumnado e familias

Protección de datos persoais e condicións de uso

Os datos persoais necesarios para levar a cabo a retransmisión das clases a través de Internet, incluíndo os necesarios para a conexión ao sistema e os relativos á imaxe/voz do profesorado, dos alumnos e alumnas, e no seu caso, dos seus pais ou titores (en diante, os participantes) serán tratados pola Xunta de Galicia-Consellería de Educación, Cultura e Universidade, na súa condición de responsable do tratamento.

A lexitimación para o tratamento destes datos será, no caso dos alumnos e familias, o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme ao disposto no artigo 6.1 e) do Regulamento xeral de protección de datos, fundamentada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE). No caso do profesorado, a lexitimación para o tratamento dos datos persoais será o cumprimento da relación estatutaria ou contractual consonte ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD para exercer a función educativa, fundamentado tamén no disposto na LOE.

As persoas interesadas poderán solicitar perante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A retransmisión das clases poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado á que van dirixidas para o seu uso exclusivamente no ámbito docente. Con todo, convén que os participantes preparen previamente ao inicio de cada sesión o seu espazo de traballo, de forma que lles permita interactuar protexendo a súa propia intimidade e a de terceiros.

Prohíbese expresamente a gravación das clases por parte dos participantes, e particularmente a súa compartición en redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea ou a través de calquera canle telemática, xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade administrativa ou civil para a persoa infractora.

Os datos persoais, e en especial as imaxes serán tratadas en todo caso con respecto á Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e o seu uso por parte da administración educativa autonómica para os fins expresados non xerará dereitos de imaxe con beneficio ou contraprestación económica.

